

CURRÍCULO INTEGRADO DE LINGUAS

IES VAL DO TEA

1.- INTRODUCCIÓN

O Decreto 156/2022 do 15 de setembro polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria, no seu título I, capítulo I, así como o Decreto 157/2022 do 15 de setembro polo que se establece o currículo para as ensinanzas de bacharelato, recollen que a materia de Lingua Galega e Literatura terá un tratamento no centro análogo ao da Lingua Castelá e Literatura, de forma que se garantice, en todo caso, o obxectivo de suficiente competencia lingüística en ambas as dúas linguas oficiais, segundo se establece no artigo 7 do Decreto 79/2010 do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario.

Segundo os principios pedagóxicos establecidos nos Decretos 156/2022 e 157/2022, os centros docentes deben impartir de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e experiencias lingüísticas do alumnado contribúan á súa competencia plurilingüe.

O currículo Integrado de Linguas (CIL) que se imparte nun centro é un documento común de programación que o equipo docente das áreas lingüísticas elabora, e que serve como folla de ruta do traballo que se vai a desempeñar con respecto ás linguas presentes na actividade docente do centro.

Entre as medidas recollidas no noso centro para a impartición do CIL, incluímos criterios metodolóxicos básicos, criterios relacionados cos criterios de cualificación, procedementos e instrumentos de avaliación, e acordos para evitar a repetición de aspectos comúns.

Estas medidas serán recollidas no Proxecto Lingüístico do centro.

2.- DEPARTAMENTOS DE LINGUAS ESTRANXEIRAS: FRANCÉS E INGLÉS

Os obxectivos de área recollidos nos Decretos mencionados anteriormente para ambas as dúas linguas son os mesmos, así como os criterios de avaliación e os contidos. Polo tanto, entre os dous departamentos acórdanse criterios comúns en canto á metodoloxía empregada, o tratamento das destrezas lingüísticas (expresión oral e escrita, e comprensión oral e escrita), que se corresponde co bloque 1, así como os bloques de plurilingüismo e interculturalidade (bloques 2 e 3 respectivamente).

2.1.- EXPRESIÓN ORAL

Traballarse e avaliarse a través de:

- Presentacións orais
- Diálogos/ conversas (sobre situacións cotiás)
- Monólogos: descrições orais

Avaliación da destreza con **rúbricas**, nas que os descritores a avaliar serán: adecuación, pronunciación, fluidez, estrutura gramatical, vocabulario, coherencia e cohesión, conectores, e comunicación non verbal.

2.2.- COMPRENSIÓN ORAL

A comprensión oral traballarase e avaliarse a través de:

- Preguntas con opción múltiple para responder
- Cuestionarios (preguntas para que o alumnado responda)
- Completar os espazos nas oracións dadas
- Señalar se as oracións dadas son verdadeiras ou falsas
- Asociación de información
-

2.3.- EXPRESIÓN ESCRITA

A expresión escrita traballarase e avaliarse a través de:

- Producción de textos escritos:
 - e-mail/ carta formal e informal
 - textos argumentativos
 - resumos
 - textos descriptivos
 - textos narrativos

Avaliación da destreza con **rúbricas**, nas que os descritores a avaliar serán: adecuación, estrutura gramatical, léxico, coherencia e cohesión, conectores, ortografía, e puntuación.

2.4. COMPRENSIÓN ESCRITA

A comprensión escrita traballarase e avaliarse a través de:

- Preguntas con opción múltiple para responder
- Cuestionarios (preguntas para que o alumnado responda)
- Completar os espazos nas oracións dadas

- Sinalar se as oracións dadas son verdadeiras ou falsas
- Asociación de información

Libro de lectura: o alumnado lerá un libro de lectura na lingua estranxeira, adaptado ao seu nivel ao longo do curso. A lectura farase na clase e/ou na casa.

2.5. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

ESO		BACHARELATO	
COMPRESIÓN ORAL	10%	COMPRESIÓN ORAL	90% (Unha das probas adaptarse ás probas ABAU)
EXPRESIÓN ORAL	15%	EXPRESIÓN ORAL	
COMPRESIÓN ESCRITA	10%	COMPRESIÓN ESCRITA	
EXPRESIÓN ESCRITA	15%	EXPRESIÓN ESCRITA	
COÑECEMENTO DA LINGUA	25%	COÑECEMENTO DA LINGUA	
PLURILINGÜISMO E INTERCULTURALIDADE	25%	PLURILINGÜISMO E INTERCULTURALIDADE	10%

CÁLCULO DA CUALIFICACIÓN FINAL ORDINARIA

1º TRIMESTRE: 20%

2º TRIMESTRE: 30%

3º TRIMESTRE: 50%

2.7.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

-Viaxe cultural a dúas cidades de lingua francesa e inglesa respectivamente para o alumnado de bacharelato: París-Londres, que se presentará ao alumnado ao comezo de cada curso para a súa mellor organización.

-Asistencia a obras de teatro e/ou contacontos en ambas as dúas linguas.

3.- DEPARTAMENTOS DE LINGUA GALEGA E LINGUA CASTELÁ

Ambos os dous currículos das linguas oficiais na nosa comunidade recollen criterios de avaliación e contidos iguais. Ante esta situación, para evitar a repetición, fíxose a seguinte distribución:

CURRÍCULO INTEGRADO DE LINGUAS IES VAL DO TEA

	1 ESO	2 ESO	3 ESO	4 ESO
	BLOQUE 1: AS LINGUAS E OS SEUS FALANTES	BLOQUE 1: AS LINGUAS E OS SEUS FALANTES	BLOQUE 1: AS LINGUAS E OS SEUS FALANTES	BLOQUE 1: AS LINGUAS E OS SEUS FALANTES
LGL	<p>-As familias lingüísticas e as linguas do mundo. Sistemas de escritura.</p> <p>-A lusofonía</p>	<p>-A lusofonía</p> <p>-Aproximación ás linguas de signos: a variante galega.</p>	<p>-Desenvolvemento da reflexión sociolingüística: Rexeitamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos de contacto entre linguas: bilingüismo, diglosia, préstamos e interferencias.</p>	<p>-Indagación sobre os dereitos lingüísticos e a súa expresión en leis e declaracións institucionais.</p> <p>-Valoración e comprensión das principais características do éuscaro.</p>
LCL	<p>-Recoñecemento das linguas do estado español.</p>	<p>-Aproximación ás características máis básicas do eúscaro e catalán</p> <p>-Aproximación á lingua de signos.</p>	<p>-Valoración e comprensión das principais características do catalán e as súas variantes.</p>	<p>-Desenvolvemento da reflexión sociolingüística: Rexeitamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos de contacto entre linguas: biligüismo, diglosia, préstamos e interferencias.</p> <p>-Diferenzas entre trazos dialectais, os sociolectos e os rexistros.</p>

CURRÍCULO INTEGRADO DE LINGUAS IES VAL DO TEA

	BLOQUE 2: COMUNICACIÓN.	BLOQUE 2 : COMUNICACIÓN.	BLOQUE 2: COMUNICACIÓN.	BLOQUE 2 : COMUNICACIÓN.
LGL	<p>-Secuencias textuais expositivas e dialogadas.</p> <p>-Xéneros discursivos propios do ámbito persoal (a conversa) e educativo</p> <p>-Uso discursivos dos elementos lingüísticos en textos: Os signos básicos de puntuación.</p>	<p>-Secuencias textuais narrativas e descritivas</p> <p>-Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación.</p> <p>-Usos discursivos dos elementos lingüísticos en textos.</p>	<p>-Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.</p> <p>-Secuencias textuais expositivas.</p> <p>-Xéneros discursivos propios do ámbito educativo.</p>	<p>- Xéneros discursivos propios do ámbito social: Redes sociais e medios de comunicación.</p> <p>-Xéneros discursivos propios do ámbito profesional: o currículo, a carta de motivación</p> <p>-Texto argumentativo.</p>
LCL	<p>-Compoñentes do feito comunicativo.</p> <p>-Secuencias textuais narrativas e descritivas.</p> <p>-Xéneros discursivos propios do ámbito social: Redes sociais e medios de comunicación.</p>	<p>-Secuencias textuais expositivas e dialogadas.</p> <p>-Xéneros discursivos propios do ámbito educativo.</p> <p>Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.</p> <p>-Uso discursivos dos elementos lingüísticos nos textos: Os signos básicos de puntuación.</p>	<p>-Xéneros discursivos propios do ámbito persoal (a conversación).</p> <p>- Xéneros discursivos propios do ámbito social: Redes sociais e medios de comunicación.</p>	<p>-Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.</p> <p>- Xéneros discursivos propios do ámbito profesional: a entrevista de traballo.</p> <p>-Texto argumentativo.</p>
	BLOQUE 3 : EDUCACIÓN LITERARIA.	BLOQUE 3 : EDUCACIÓN LITERARIA:	BLOQUE 3: EDUCACIÓN LITERARIA	BLOQUE 3 : EDUCACIÓN LITERARIA
LGL	-Selección de lecturas trimestrais	-Selección de lecturas trimestrais		
LCL				

	dun mesmo xénero (narrativa, poesía e teatro) -Incidencia en diferentes contidos transversais: lecturas con perspectiva de xénero (LG)lecturas con perspectiva ambiental e ecolóxica (LC).	dun mesmo xénero (narrativa, poesía e teatro) -Incidencia en diferentes contidos transversais: lecturas con perspectiva de xénero (LC)lecturas con perspectiva ambiental e ecolóxica(LG)		
	BLOQUE 4. REFLEXIÓN SOBRE A LINGUA	BLOQUE 4. REFLEXIÓN SOBRE A LINGUA	BLOQUE 4. REFLEXIÓN SOBRE A LINGUA	BLOQUE 4. REFLEXIÓN SOBRE A LINGUA
LGL	-Diferenzas lingua oral/ lingua escrita -Aspectos relativos á morfoloxía.	-Aspectos relativos á sintaxe. -Cambios semánticos. As relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos	-Diferenzas lingua oral/ lingua escrita -Procedementos de adquisición e formación de palabras. -A coordinación.	-Cambios semánticos. As relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos. -A frase. -A subordinación substantiva e adverbial.
LCL	-Aspectos relativos á sintaxe.	-Aspectos relativos á morfoloxía -Procedementos de adquisición e formación de palabras. -Diferenzas lingua oral/ lingua escrita	-Cambios semánticos. As relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos. -A frase e a oración simple.	-Diferenzas lingua oral/ lingua escrita -Procedementos de adquisición e formación de palabras. -A oración simple -A subordinadas de relativo.

CÁLCULO DA CUALIFICACIÓN FINAL ORDINARIA

Os criterios de cualificación á hora de calcular a **media ordinaria** nas dúas linguas cooficiais será a media aritmética das tres avaliacións.

4.- DEPARTAMENTO DE LINGUAS CLÁSICAS: LATÍN E GREGO

O bloque 4 das materias de lingua galega e literatura, e lingua castelá e literatura (reflexión sobre a lingua) é de importante relevancia á hora de traballar as linguas clásicas, non só na materia de Latín en 4º da ESO, senón de cara a 1º de bacharelato (estes aspectos tamén se recollen en 1º de bacharelato nas linguas clásicas).

Tratamento dos latinismos

Dentro do currículo de Latín (4º ESO e Bacharelato), o alumnado debe:

- Recoñecer os latinismos máis frecuentes
- Usalos no seu contexto adecuado e de forma correcta
- Recoñecer os erros máis frecuentes no seu uso
- **Valorar a presenza do Latín nas linguas modernas**
- Diferenciar os latinismos puros dos integrados totalmente na lingua
- Escribilos correctamente

Ademais de tratar os latinismos nesta materia, dende as demais linguas trataremos os seguintes aspectos:

1.- Lingua Inglesa

- Latinismos de uso máis frecuente na lingua inglesa
- Latinismos que chegaron ás nosas linguas a través do inglés

2.- Linguas Francesa

- Latinismos de uso máis frecuente na lingua francesa

3.- Lingua Castelá e Literatura

- Diferencia entre os latinismos formados por unha soa palabra ou máis de unha

4.- Lingua Galega e Literatura

- Latinismos de uso máis frecuente, frases en galego que os substitúen

CÁLCULO DA CUALIFICACIÓN FINAL ORDINARIA

Os criterios de cualificación á hora de calcular a media ordinaria nas linguas clásicas serán os mesmos ca nas linguas estranxeiras:

1º TRIMESTRE: 20%

2º TRIMESTRE: 30%

3º TRIMESTRE: 50%

5.- TRATAMENTO DAS MATERIAS PENDENTES

5.1.- PLAN DE REFORZO PARA O ALUMNADO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA QUE PASE DE CURSO CON MATERIAS SEN SUPERAR

O alumnado que promocioe con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.

O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou alumno teñan pendente de superar, seguindo as directrices do departamento didáctico, e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias.

O plan de reforzo para este alumnado en calquera das linguas que se impartan no centro na ESO será o seguinte:

1.- O alumnado recibirá un caderniño trimestral de exercicios e actividades, onde se traballarán e reforzarán aspectos relacionados coa expresión e comprensión escrita, vocabulario e gramática. Este caderniño debe ser entregado no tempo establecido polo profesorado.

2.- Ademais, se a alumna ou alumno aproba a primeira e a segunda avaliación da materia do curso actual, automaticamente pasa a aprobar a materia ou materias pendentes de cursos anteriores.

3.- Durante o mes de maio realizarase unha proba global para recuperar a materia ou materias pendentes no caso de que a alumna ou alumno non consiga aprobar mediante o plan de traballo dos caderniños trimestrais ou non aprobe as dúas primeiras avaliacións do curso no que está matriculado.

4.- O alumnado que supere a materia ou materias suspensas de cursos anteriores poderá presentarse á proba global de maio se quere modificar positivamente a súa cualificación.

5.- A cualificación trimestral do alumnado con materias pendentes será a extraída dos caderniños de exercicios e actividades.

6.- Naqueles casos nos que a alumna ou alumno non entregue o caderniño, a cualificación trimestral será 1. Con respecto á segunda lingua estranxeira Francés, isto aplicarase só no caso de que a alumna ou alumno continúe cursando a materia.

5.2.- RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES NO BACHARELATO

O alumnado que promocioe a 2º de bacharelato con materias lingüísticas suspensas (calquera das linguas que se imparten no centro) poderá recuperalas do seguinte xeito:

- Todo o alumnado realizará unha proba parcial en xaneiro.
- Aquel alumnado que aprobe a proba parcial de xaneiro, realizará unha segunda proba parcial en abril. No caso do alumnado que non aprobase a proba de xaneiro, en vez de proba parcial, este fará un proba global.
- No caso de alumnado que curse Latín II e/ ou Grego II que non teña cursado estas Linguas Clásicas en 1º de bacharelato por un cambio de modalidade, o modo de recuperación será análogo ás materias pendentes.